



**Convocatoria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a selección de centros docentes de educación primaria e secundaria para participar na pilotaxe do proxecto europeo “ATS2020 Assessment of Transversal Skills” para a avaliación das competencias clave do alumnado.**

Os novos currículos de ensino primario e secundario afondan no cambio metodolóxico que representa a adquisición das competencias clave por parte do alumnado en liña co cambio impulsado no contexto europeo, sobre todo a partires da Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.

A Orde ECD/65/2015, DO 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obligatoria e do bacharelato, dispón, no artigo 6, as estratexias metodolóxicas para traballar as competencias na aula, ofrecendo orientacións para facilitar o desenvolvemento desas estratexias no anexo II.

Neste sentido a citada orde recomenda o uso do portfolio como ferramenta que aporta información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe, todo isto nun marco xeral de cambio metodolóxico no que o traballo por proxectos ten un protagonismo relevante.

Unha das fórmulas de maior interese para o fomento das metodoloxías de ensino innovadoras é a participación dos centros educativos en programas europeos porque permite traballar conxuntamente con expertos de distintos países e con organismos de diversas procedencias, de xeito que nun mesmo proxecto poden colaborar universidades, centros tecnolóxicos, centros educativos e empresas.

“Assessment of Transversal Skills, ATS2020, é un proxecto Europeo centralizado, da Acción Clave 3 Estratexia 2020, sobre reformas de políticas educativas. Coordina o proxecto Cyprus Pedagogical Institute, dependente das autoridades educativas de Chipre. A Consellería de Cultura, Educación e O.U. participa como socia xunto con 16 organismos de distintos países da U.E.

O proxecto ATS2020 proporá como produto final, a través da avaliación das competencias, un modelo de aprendizaxe integral para a mellora das competencias transversais dos estudiantes, incluíndo os currículos nacionais da UE, a formación dos profesores cos enfoques modernos e ferramentas innovadoras para a avaliación destas habilidades.

A través do proxecto ATS2020 recolleranse datos de 11 países, en aulas de 250 centros educativos de toda Europa que involucrarán a un total de 10.000 alumnos de todos os



países participantes no proxecto. Os centros participantes na recollida de datos utilizarán a ferramenta portfolio dixital coas indicacións elaboradas a través do proxecto ATS2020 do mesmo xeito en todos os países implicados.

A través de amplas actividades de difusión, o proxecto aportará datos útiles para o debate en torno ó desenvolvemento e avaliación de competencias transversais na educación primaria e ESO. Esta evidencia axudará ós Ministerios de Educación dos diferentes países e á Comisión Europea a seguir formulando políticas baseadas en datos reais e a apoiar estratexias de implementación para o desenvolvemento e avaliación de competencias transversais en toda Europa.

Páxina web do proxecto [www.ats2020.eu](http://www.ats2020.eu) e [www.twitter.com/ats2020project](https://www.twitter.com/ats2020project).

Realizaranse pilotaxes cunha mostra significativa que permitirá colaborar e tomar decisións baseadas na evidencia.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que coordina as intervencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de ordenación educativa, establece as seguintes bases para a selección de centros docentes:

**Primeira: Obxecto da convocatoria.**

Seleccionar un máximo de 35 centros docentes de Galicia para realizar a pilotaxe do proxecto ATS2020 que se desenvolverá ao longo do curso 2016/17.

**Segunda: Destinatarios.**

Poderán participar nesta convocatoria centros docentes que impartan as ensinanzas de educación: ensino primario e secundario e presentar solicitude aqueles centros de ensino primario e secundario que contén con profesorado disposto a participar na pilotaxe do proxecto ATS2020.

**Terceira. Requisitos.**

Os centros docentes participarán no proxecto coa implicación de dous profesores/as, de calquera materia que impartan nun mesmo nivel.

A idade do alumnado dos grupos debe estar entre os 10 e os 15 anos de idade.

**Cuarta: Desenvolvemento.**

Seleccionaranse dous grupos de alumnos: un de experimentación e outro de control, ambos do mesmo nivel e materia:



1. Grupo de experimentación: O profesor/a utilizará o portfolio dixital, na plataforma Mahara, para as actividades da programación que se determinen, centradas na avaliación formativa das competencias clave e habilidades transversais.
2. Grupo de control: o profesor impartirá a materia do xeito habitual.
3. En caso de que o centro desexe participar no proxecto e non conte con dous profesores/as, cabe a posibilidade que un só profesor/ se encargue dos dous grupos: experimentación e control.
4. Ambos grupos seleccionados deberán responder previamente, durante e ao remate do curso, aos cuestionarios elaborados a través do proxecto ATS2020, co obxecto de comprobar se teñen ou non repercusión o desenvolvemento das competencias clave e transversais no alumnado.

**Quinta: Solicituds e prazo de presentación.**

Os centros participantes deberán encher a solicitude segundo o modelo recollido no **Anexo I**.

A instancia presentarase, ata o 15 de setembro de 2016 inclusive, no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio Administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE DO 27 de novembro).

Se a solicitude fose remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e data antes de proceder a súa certificación.

Co fin de favorecer a valoración desta solicitude enviarse, así mesmo, en formato electrónico a solicitude ao enderezo: [programas.europeos@edu.xunta.es](mailto:programas.europeos@edu.xunta.es)

**Sexta: Criterios de selección.**

Para a selección de centros que desenvolvan a pilotaxe do proxecto ATS2020, ademais dos requisitos recollidos nas bases segunda e terceira, valoraranse cun máximo de cinco puntos os seguintes aspectos:

- Experiencia do centro en programas europeos Erasmus +KA2 e KA3. Por cada curso 1 punto
- Experiencia do centro en programas europeos Erasmus+ KA1. Por cada curso 1 punto.



- Participación do centro no plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Por cada curso 1 punto.

Non é preciso remitir documentación ao constar os datos na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Séptima: Comisión de evaluación e resolución.**

Baixo a presidencia do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- O Subdirector Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado
- A Subdirectora Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do sistema educativo
- A xefa do Servizo de Formación do Profesorado
- O xefe do Servizo de Xestión Económica e de Educación de Persoas Adultas
- As persoas asesoras de Programas Educativos Europeos
- Un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que actuará como secretario/a con voz e sen voto.

Esta comisión, revisados as solicitudes presentadas, elaborará unha proposta provisional. Á vista desta proposta da comisión, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa resolverá a convocatoria.

**Oitava: Seguimento da pilotaxe do proxecto ATS2020.**

Os profesores/as participantes nos grupos de experimentación da pilotaxe do proxecto ATS2020 utilizarán na súa práctica de aula durante o curso 2016/17 o e-portfollio.

Os profesores/as participantes nos grupos de control da pilotaxe do proxecto ATS2020 procederán na súa práctica de aula, durante o curso 2016/17, do xeito habitual.

Ambos grupos deberán responder aos cuestionarios do proxecto tanto previamente, durante e despois de rematado o curso 2016/17.

A Consellería de Cultura, Educación e O.U. nomeará un avaliador/a que levará a cabo o seguimento e avaliação destas actividades e difundirá a través do portal educativo e doutros medios ao seu dispor aquelas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

**Novena: Formación.**

As persoas participantes na pilotaxe ATS2020 poderán ser convocada pola dirección xeral a actividades de formación específica vinculadas ao programa durante o curso 2016/17.

**Décima: Certificación.**

O profesorado directamente participante con avaliación positiva na pilotaxe terá un recoñecemento de 20 horas de innovación educativa.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2015

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL  
E INNOVACIÓN EDUCATIVA

  
Asdo: Manuel Corredoira López

Pode obter máis información sobre a convocatoria no enderezo electrónico  
[programas.europeos@edu.xunta.es](mailto:programas.europeos@edu.xunta.es) ou no tfno: 981 546545



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

**ANEXO I**

**Inscripción na convocatoria de selección de centros educativos para a pilotaxe do proxecto europeo ATS2020, Assessment of Transversal Skills, para a avaliación das competencias clave do alumnado.**

**Datos do centro educativo:**

Nome do centro:		Correo electrónico:	
Enderezo:		Localidade:	
Código postal:	Concello:	Provincia:	Teléfono:

**Profesor/a 1: Grupo de experimentación**

Apellidos, nome:	Correo electrónico:
Curso seleccionado como grupo de experimentación:	Número de alumnos/as:

**Profesor/a 2: Grupo de control**

Apellidos, nome:	Correo electrónico:
Curso seleccionado como grupo de control	Número de alumnos/as:

Don/dona..... en calidad de director/a  
do centro, solicito a inscripción do centro na pilotaxe do proxecto ATS2020 durante o curso 2016/2017.

En .....a.....de.....de 2016

O/a Director/a  
Asdo:.....  
Sinatura e selo do centro

**SR. DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E I.E.  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
SAN CAETANO, s/nº, bloque 2,2º- 16781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**